



Mesa 3: O papel da administración no fomento

- A madeira é un recurso estratéxico na construción agrogandeira e forestal polas súas características renovables, vantaxes ambientais e de calidade de vida.
- Ademais de realizar as tarefas de sensibilización, difusión e formación en prol do uso da madeira no rural, a administración debe tomar a iniciativa con actuacións concretas no territorio que poidan ser exemplarizantes.
- A administración debe procurar unha discriminación positiva nas distintas liñas de axudas que permitan recuperar á madeira o camiño perdido no ámbito construtivo.
- Os plans de mellora e as axudas de incorporación de mozos constitúen potentes ferramentas estruturais do agro no que teñen acollida actuacións con uso en madeira. Este tipo de axudas mobilizou 210 millóns de euros nos últimos tres anos.